



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
POLÍTICA TERRITORIAL.
OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES
Dirección Xeral de Transportes

Praza Europa, 5A - 2º planta
Área Central - Fontiñas
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA

KUNTAE DE GALICIA	
CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL	
OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES	
DIRECCIÓN XERAL DE TRANSPORTES	
11 XAN. 2008	
Nº ENTRADA	Nº SAÍDA
290	

MCHL/mc

O sector do transporte de mercadorías por estrada vén denunciando desde hai xa tempo a situación pola que atravesa derivada do marco económico que actualmente está vixente na nosa Comunidade Autónoma e que non é exclusivo do noso territorio, senón que tamén afecta ao resto do ámbito xeográfico español.

Este marco económico, polo que se refire ao sector do transporte, vense caracterizando por un incremento dos seus custos tal e como se reflicte no "Observatorio de Costes del Transporte de Mercancías por Carretera", que é o resultado das reunións mantidas entre o Comité Nacional do Transporte (no que están representadas as asociacións profesionais de transportistas) e as principais asociacións representativas das empresas cargadoras, baixo o auspicio da Dirección General de Transportes por Carretera do Ministerio de Fomento.

Este observatorio ten como obxectivo servir de orientación aos distintos axentes que interveñen na contratación dos servizos de transporte de mercadorías por estrada (transportistas, cargadores e operadores de transporte) na determinación económicas dos contratos e convenios que suscriban dentro do normal desenvolvemento das súas respectivas actividades.

Os últimos datos dese observatorio, referidos ao mes de outubro de 2007, reflecten un incremento interanual do 5,3%, que, porén, non resulta doador deputar nos prezos que aboan os cargadores, o que supón unha perda na rendibilidade das empresas de transporte, que están atravesando un momento moi complicado pola conjuntura económica derivada do importantísimo incremento do prezo do gasóleo.

Unha situación similar á que se está producindo neste momento, provocou con anterioridade a convocatoria dunha folga no sector do transporte de mercadorías por estrada e, na actualidade, xa son varias as federacións e asociacións de transporte que recomendán aos seus asociados a adopción de medidas de presión respecto das empresas cargadoras.

Por todo o anteriormente exposto, sería conveniente que por parte dese confederación se facilitase o establecemento dunha vía de diálogo entre os seus asociados e as empresas de transporte para tratar de chegar a un punto de encontro asumible por ambas partes.

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2008

Directora xeral de Transportes



Sr. presidente Confederación de Empresarios de Galicia

TOTAL P.02